

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

Modelo MD71PLA01

Proxecto Educativo

Conservatorio Profesional de Música

de

Santiago de Compostela



Periodo:.....2016-20



ÍNDICE

1.	Descrición do contorno social, cultural e económico.....	3
2.	Obxectivos do Conservatorio.....	11
3.	Medidas e recursos de organización e de xestión.....	14
4.	Relacións con institucións, organismos ou entidades.....	16
5.	Oferta formativa.....	18
6.	Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico.....	24
7.	Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.....	26
8.	Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	27
9.	Directrices para o funcionamento adecuado das titorías.....	31
10.	Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.....	35
11.	Plan de avaliación.....	37
12.	Proxecto lingüístico.....	40



1. Descrición do contorno social, cultural e económico

A Contorna Sociocultural no Concello

1.1.1 Santiago de Compostela e a súa contorna

Santiago de Compostela é unha cidade de tamaño medio, se miramos unicamente ao seu padrón de habitantes, uns 95.000, cunhas peculiaridades que a fan diferenciarse doutras cidades galegas cunha poboación similar:

A súa condición de Capital da Comunidade Autónoma, o que a converte nunha cidade de servizos, coexistindo cunha área de influencia ampla que ten unha forte presenza rural.

A amplitude desta área de influencia, só comparable en número de persoas ás áreas de Vigo ou A Coruña.

A súa realidade histórica como cidade universitaria de referencia en Galicia, o que incrementa a condición de cidade de servizos, pero tamén trae consigo unha forte presenza estudantil non permanente, que non computa a efectos oficiais, pero si demanda servizos e espazos educativos.

A crecente consideración internacional da cidade como destino turístico de importancia histórica; o que implica a organización e presenza na mesma de todas as infraestruturas que representen a cultura e a tradición, tamén e moi por suposto a musical.

Deses datos anteriores extráense tres consecuencias básicas:



A conciencia pública de “cidade cultural”, realidade que é consecuencia tanto da presenza institucional como do peso histórico da universidade ou o arcebispado e as súas celebracións e rituais, máis tamén dunha forte presenza da xuventude “creadora” e “demandante” de todas as manifestacións culturais posibles, demanda que non só debe entenderse como de consumo, senón mesmo de formación e práctica.

A cidade, e parte da máis inmediata contorna, poderíase considerar como maioritariamente dependente do sector servizos, cun nivel económico elevado mantido sobre a base dos salarios dos moitos empregados públicos que a poboan, e que coexiste cun amplo sector de profesionais e comerciantes na cidade, e un grande sector agrícola e gandeiro considerando a comarca en sentido amplo.

A tradición da cidade como centro neurálxico dunha ampla zona xeográfica, na que atende non só á súa comarca oficial (165.361 habitantes), senón mesmo as do Sar, a Barcala, o Xallas ou boa parte de Ordes, e secundariamente ás moi poboadas de Noia ou o Barbanza. Falando de atención dende o punto de vista comercial, sanitario e administrativo, máis tamén dende o punto de vista formativo, que é o que lle acae a esta contextualización.

De todo isto, extráese como consecuencia que Santiago de Compostela é unha cidade que só pode considerarse dentro dunha ampla e variada contorna, que existe unha influencia radial de grande peso nos concellos máis achegados, pero que chega a alcanzar a toda Galicia pola súa condición de centralidade administrativa e xeográfica.

Por outra parte, a poboación desta contorna, e da propia cidade, a súa dependencia do sector servizos e a existencia dun sector económico moi



estable, fai que as expectativas familiares en canto á formación dos seus fillos e fillas inclúan o aspecto musical, e que o inclúan como formación regulada e oficial.

1.1.2 A Cultura e a Cidade de Santiago de Compostela

Dende o punto de vista cultural, arquitectonicamente é unha cidade de referencia mundial é con un amplo movemento cultural que se desenvolve historicamente ligado ao Camiño de Santiago. Conta ademais co Campus Universitario mais importante da nosa Comunidade o que fai que anualmente se desprace á cidade gran cantidade de alumnado en período lectivo en busca de formación universitaria.

Xa no ámbito musical conta na actualidade con unha Orquestra Sinfónica profesional con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable.

Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade, construído no ano 2004.

É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento.



Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

O Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela ten como Centros adscritos administrativamente aos seguintes Centros:

1. CEMU Manuel Peleteiro.
2. CEMU Profesional Contrapunto Histórico de Santiago de Compostela.
3. CEMU Elemental ALCA.
4. CEMU Hodiguitria.
5. CMUS Profesional Federico Paz Carbajal de Noia.
6. CMUS Profesional de Ribeira.

Modelo. Proxecto educativo MD71PLA01. Ver. 01

Distribución do Centro

O edificio conta cun **total de 62 dependencias** distribuídas da seguinte maneira:

Planta soto:

- 1 local da ANPA
- 23 cabinas de estudo
- 1 aulas de orquestra
- 1 aula de percusión
- Auditorio

Planta baixa:

- Biblioteca, fonoteca e videoteca



Sala de profesorado
6 aulas
Aula de informática
Aula de audiovisuais

Planta primeira:

15 aulas instrumentais
9 aulas non instrumentais
2 aulas de música de cámara

A zona de Administración e servizos está distribuída como sigue:

Planta soto:

- Almacén de material e arquivo
- 2 vestiarios
- Almacén de limpeza
- Cuarto de lavandería

Planta baixa: Modelo. Proxecto educativo. MD71PLA01: Ver. 01

- Conserxería
- Secretaría
- 3 despachos de cargos directivos
- Vivenda do conserxe

As familias

As familias presentan unha grande heteroxeneidade, tanto en canto a nivel socioeconómico como cultural. **A implicación da familia nos estudos de música é moi importante** xa que tales estudos levados a cabo no conservatorio precisan de unha madurez, disciplina, esforzo e constancia elevados, razón pola cal, sen o apoio da familia, da súa comprensión e do seu coñecemento, a medio e longo prazo están condenados moitas veces ao fracaso. Ese é o motivo polo que se



considera que implicando e integrando ás familias no ensino musical do conservatorio, os resultados académicos poderían mellorar substancialmente.

O Profesorado

O Claustro de Profesorado do Conservatorio está formado por un total de 57 profesoras/es con unha media de idade do entorno de uns 40 anos e dos que a súa meirande parte son Funcionarias/os do Corpo de profesorado de Música e Artes Escénicas con destino definitivo no noso Centro o que dota ao Conservatorio de gran estabilidade no tocante ao seu persoal.

O Profesorado agrúpase nos seguintes Departamentos:

- DEPARTAMENTO DE PIANO
- DEPARTAMENTO DE PIANO ACONPAÑANTE
- DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
- DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL
- DEPARTAMENTO DE CONXUNTO
- DEPARTAMENTO DE CORDA PULSADA
- DEPARTAMENTO DE CANTO
- DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA
- DEPARTAMENTO DE VENTO METAL
- DEPARTAMENTO DE PERCUSIÓN
- DEPARTAMENTO DE CORDA FRICCIÓNADA



O alumnado

O alumnado do noso Conservatorio no curso 2015-16 está formado por **521 persoas** e repartido da seguinte maneira:

ALUMNADO DO CMUS SANTIAGO NO CURSO 2016-17			
Grao Elemental		Grao Profesional	
Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
122	96	160	143
Total Grao elemental		Total Grao Profesional	
218		303	

En Santiago de Compostela conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas; temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico polo xeral medio e medio-alto que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais; por outro lado temos alumnado do contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo etc, con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, en algúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda temos unha variable mais; Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc, co que a



organización do centro se converte en mais complexa pero non por elo menos interesante, xa que todo isto serve de enriquecemento mutuo ao alumnado que convive no Centro.

O alumnado que realiza os seus estudos actualmente no CMUS Profesional de Santiago de Compostela por especialidade é o seguinte:

ALUMNADO DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Nº DE ALUMNAS/OS		
ESPECIALIDADE	ELEMENTAL	PROFESIONAL
Canto	0	18
Contrabaixo	8	4
Clarinete	21	31
Fagot	5	9
Frauta traveseira	12	13
Guitarra	27	21
Óboe	9	12
Percusión	12	16
Piano	35	60
Saxofón	11	16
Trombón	8	3
Trompeta	9	20
Trompa	8	11
Tuba	6	9
Viola	7	16
Violín	27	30
Violonchelo	13	14

En canto a alumnado, hoxe o centro ten unha demanda moi elevada, tódolos anos queda alumnado sen posibilidade de acceso por falta de espazo.



O persoal de administración e servizos

O persoal de administración e servizos do CMUS Profesional de Música de Santiago de Compostela está formado por un Administrativo que se encarga da xestión da oficina e documentación do Centro, tres subalternas, das que unha dispón de vivenda no Centro, e dúas limpadoras que se encargan da limpeza das dependencias do Centro.

2. Obxectivos do Conservatorio

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela ten como obxectivo ser un Centro de ensino musical vivo, aberto, integrador e innovador, que responda as necesidades da cidade e da contorna e que se converta en núcleo dinamizador da música e da cultura en xeral.

Modelo Proxecto educativo MID/11/PLA01. Ver. 01
10
Pretende ser un Centro onde o ensino musical contribúa á formación integral do alumnado, a afianzar a súa personalidade, a dotalo de capacidade crítica, seguridade, autonomía persoal, e favoreza a súa autoestima na busca constante de mellora intelectual e persoal.

As Directrices sobre as que estarán baseados os obxectivos do Centro son as seguintes:

1. Proporcionar ao alumnado unha formación artística integral de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música
2. Formar, orientar e preparar ao alumnado para estudos posteriores
3. Fomentar na comunidade educativa e na sociedade a valoración dos estudos musicais como fonte de riqueza cultural e persoal



4. Desenvolver o estudo e investigación na comunidade educativa sobre o patrimonio cultural propio de Galicia.
5. Fomentar o uso da lingua galega en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e fomentar a cultura galega no ámbito artístico e en coordinación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
6. Fomentar o uso de linguas estranxeiras a través das seccións bilingües.
7. Promover unha ensinanza baseada na solidariedade, no esforzo e na igualdade efectiva entre mulleres e homes.
8. Concibir o centro como núcleo de dinamización cultural que integre e aglutine a todos os elementos da comunidade escolar, facer visible á sociedade as actividades do Conservatorio a través de concertos, cursos, e demais actividades que acheguen á cidade a nosa labor docente e establecer canles de colaboración cos diversos centros educativos e culturais da cidade e da contorna.
- 9.

Obxectivos xerais

1. Potenciar a innovación educativa, a formación do profesorado e a creación de materiais didácticos propios para uso do Centro.
2. Potenciar a educación do oído como elemento vehicular nos estudos de música.
3. Crear un proxecto experimental de mellora da práctica docente no grao elemental.



4. Continuar a demandar da Administración Educativa a ampliación das instalacións do Centro.
5. Mellorar no posible as infraestruturas e as instalacións do Centro.
6. Promover a implantación de novas especialidades no noso Conservatorio.
7. Optimizar os protocolos do Centro para prestar un mellor servizo á Comunidade Educativa.
8. Deseñar un plan de Autoprotección no Conservatorio.
9. Establecer unhas directrices claras e acordadas polo Centro que faciliten o cumprimento de procedementos e trámites de xestión académica e administrativa.
10. Optimizar a acción titorial do alumnado mediante a mellora do sistema de solicitude e atención das titorías.
11. Mellorar a accesibilidade do profesorado á información académica ou documentación de relevancia do Centro para a atención do alumnado.
12. Mellorar o coñecemento sobre o funcionamento do Centro do Centro que teñen tanto o alumnado como as familias
13. Promover a participación e implicación de nais e pais no proceso educativo, tanto a nivel individual como asociativo.
14. Propiciar intercambios de actividades con outros conservatorios entre alumnado e profesorado
15. Colaborar cos Centros educativos da contorna en proxectos comúns que melloren a formación do alumnado, e facilitar a participación do noso alumnado en espazos culturais: teatros, auditorios, etc. co obxectivo de mellorar a súa formación.



16. Prestar atención ao cumprimento da LEI ORGÁNICA 2/2007, do 20 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3. Medidas e recursos de organización e de xestión

1. Demandar a ampliación do Conservatorio.
2. Substituír a iluminación do Auditorio e crear unha cabina de gravación.
3. Concertar reunións coa Administración educativa para promover a implantación no Centro de novas especialidades.
4. Crear unha nova páxina web.
5. Crear e aprobar o Plan de Autoprotección para mellorar a seguridade e a resposta ante posibles situacións de **emergencia ou non previstas no Centro.**
6. Crear un proxecto experimental de innovación na práctica docente.
7. Continuar co desenvolvemento da sección en Inglés que se está levando a cabo no Conservatorio.
8. Establecer un calendario anual de reunións dos órganos colexiados e de goberno do Centro.
9. Promover a creación de grupos de traballo para a creación de materias didácticos propios para o Centro.
10. Crear unha guía de desenvolvemento do alumnado no Conservatorio.



11. Crear unha guía de información sobre o Conservatorio para as familias na que se expoña o funcionamento, e a información de relevancia que necesite ser coñecida por estas.
12. Transmitir a través do correo-e a información sobre as actividades que poidan ser de interese para a súa asistencia.
13. Facilitar a labor do Coro de amigos do CMUS.
14. Manter unha reunión anual do equipo directivo coa ANPA do Centro para coñecer a súas opinións e expectativas en relación co Centro.
15. Realizar anualmente charlas en relación co acceso aos estudos elementais, profesionais e superiores de música.
16. Realizar charlas sobre saídas profesionais para o alumnado do Centro en relación coa música.
17. Deseñar tódolos anos algún proxecto de colaboración con entidades educativas, culturais e sociais da nosa cidade.
18. Realizar anualmente unha campaña de promoción dos estudos de música entre os colexios da cidade.
19. Deseñar un plan de utilización da lingua galega no Conservatorio dentro da aula.
20. Realizar anualmente actividades que poñan en valor o papel da muller e á súa relevancia no ámbito da composición, dirección ou interpretación musical.



4. Relacións con institucións, organismos ou entidades

O Conservatorio de Música Profesional de Santiago de Compostela e un Centro educativo que, como se expuxo anteriormente, depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Forma parte da Administración Educativa e como tal é unha Institución ao servizo da cidadanía.

Como tal Institución Pública, para acadar os seus fins de carácter educativo debe de buscar de xeito proactivo aumentar as sinerxias que se poidan producir co resto de institucións públicas e privadas na procura da mellor formación para o noso alumnado e na busca de obxectivos comúns co resto de institucións da cidade.

Na cidade de Santiago de Compostela e na súa contorna podemos atopar numerosas institucións de carácter educativo, CEIPs, IES, Escolas de Artes, Escolas de Música, etc. de carácter cultural como (citamos solo as mais senlleiras) Orquestra Real Filharmonía de Galicia, Banda Municipal de Santiago, numerosos coros, orquestras, bandas, etc.

O Conservatorio posúe obxectivos que son comúns a moitas de estas institucións, razón pola cal traballar conxuntamente con elas pode mellorar o éxito do noso traballo.

Integrar o Conservatorio na cidade é unha das tarefas máis necesarias para o correcto funcionamento do Centro, por varias razóns:

- Para dalo a coñecer entre a cidadanía e mellorar a súa proxección social
- Para aumentar o fluxo de alumnado que asiste a formarse no conservatorio.



- Para formar parte activamente da programación cultural e musical da contorna.

Os obxectivos en relación con este apartado son os seguintes:

- A colaboración activa coas institucións educativas e culturais da cidade, incluso coa participación activa, en actividades que poidan mellorar a formación, motivación ou proxección do noso alumnado.
- A colaboración, na programación de actividades comúns, con outras institucións educativas.
- A colaboración con Institucións culturais, especialmente as de carácter musical, cando programen actividades que poidan ser de utilidade para o noso alumnado.



5. Oferta formativa

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela é un Centro de ensino musical dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. No Conservatorio impártense as materias correspondentes ao Grao Elemental e Profesional de música reguladas respectivamente nos decretos 198/2007 e 203/2007 de 27 de setembro respectivamente.

A estrutura das ensinanzas por curso e especialidade é a seguinte:

GRAO ELEMENTAL

GRAO ELEMENTAL (SEGUNDO O DECRETO 198/2007 DE 27 DE SETEMBRO)	
CURSOS 1º, 2º, 3º, 4º	
MATERIA	DURACIÓN
INSTRUMENTO	60 MINUTOS
LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
EDUCACIÓN AIDITIVA E VOGAL	60 MINUTOS

GRAO PROFESIONAL

--



GRAO PROFESIONAL		
(SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)		
CORDA FRICCIONADA, VENTO MADEIRA, VENTO METAL, E PERCUSIÓN		
CURSO	MATERIA	DURACIÓN
1º e 2º CURSOS	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
3º CURSO	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	NOVAS TECNOLOXÍAS	60 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
4º CURSO	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
5º CURSO	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
6º CURSO	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

GRAO PROFESIONAL
(SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)



CANTO		
CURSO	MATERIA	DURACIÓN
1º e 2º CURSOS	CANTO	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	90 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
3º CURSO	CANTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	60 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
4º CURSO	CANTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
5º CURSO	CANTO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
6º CURSO	CANTO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

GRAO PROFESIONAL (SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)
PIANO



CURSO	MATERIA	DURACIÓN
1º e 2º CURSOS	PIANO	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
3º CURSO	PIANO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	NOVAS TECNOLOXÍAS	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
4º CURSO	PIANO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
5º CURSO	PIANO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
6º CURSO	PIANO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

GRAO PROFESIONAL		
(SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)		
GUITARRA		
CURSO	MATERIA	DURACIÓN
1º e 2º CURSOS	GUITARRA	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS



	CONXUNTO	60 MINUTOS
3º CURSO	GUIARRA	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	NOVAS TECNOLOXÍAS	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
4º CURSO	GUIARRA	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
5º CURSO	GUIARRA	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
Modelo. Proxecto educativo MD71PLA01. Ver. 01		
6º CURSO	GUIARRA	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

Para o alumnado de 6º curso de Grao Profesional é obrigatorio cursar un dos Itinerarios a elixir polo alumno entre os seguintes:

- Interpretación
- Composición
- Pedagogía
- Musicoloxía



Aparte do Itinerario que a alumna/o elixa voluntariamente tamén deberá elixir unha materia optativa entre as ofertadas polo Conservatorio ou ben alternativamente outro itinerario.

6. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico

O ensino musical posúe singularidades que lle son propias e que como docentes debemos de ter en conta en todo momento. Debido a estas singularidades os **principios metodolóxicos** que aplicaremos na aula deberán contemplar as diferentes situacións que, atendendo á diversidade do alumnado, como profesores nos poderemos atopar. Tendo en conta este punto de partida utilizaremos as seguintes metodoloxías:

1. **Avaliación diagnóstica**, ao principio do curso, como punto de partida ~~para coñecer as destrezas e condicións particulares de evolución das que parte cada alumno.~~
2. **Avaliación formativa**, que empregaremos para comprobar a evolución do alumnado durante o proceso de formación e que nos axudará, chegado o caso a tomar as medidas correctoras que sexan precisas.
3. **Planificación personalizada**, na que o profesorado programará o traballo do alumno en función das súas necesidades específicas e tendo sempre en conta os obxectivos e contidos que constan nas respectivas programacións didácticas aprobadas polo claustro de profesorado.
4. **Fomentar unha aprendizaxe significativa**, na que o alumnado debe de construír o coñecemento conectando a nova información coa que xa ten, relacionándoa de xeito que produza un cambio cognitivo permanente. Esta aprendizaxe significativo, maniféstase de diferentes formas conforme ó contexto, aos distintos tipos de experiencias e a forma en



que as relaciona cada alumno/a, servindo xa como primeira medida de atención á diversidade.

No tocante á **selección de material didáctico**, e tendo en conta as características propias de cada materia instrumental, **cada departamento elaborará a relación de material didáctico que mellor considere para acadar con éxito tanto os obxectivos e contidos xerais como os específicos de cada curso e especialidade.**

Os criterios comúns para a selección serán os seguintes:

1. Deben ser unha ferramenta de apoio ou axuda para o aprendizaxe.
2. Deben ser útiles e funcionais.
3. A súa utilización e selección deben responder ao principio de racionalidade.
4. Deben axustarse aos medios dos que dispoñemos no noso centro.
5. Deben adaptarse ás características do contexto e do alumnado.

Modelo. Proxecto educativo MD71PLA01. Ver. 01

7. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas



Atendendo ao establecido no decreto 223/2010 a respecto do **seguimento das programacións didácticas** o Claustro do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela acorda establecer as seguintes directrices xerais para a elaboración e seguimento das mesmas:

- 1.- Elaborar as programacións didácticas (seguindo o modelo establecido no punto 3 do artigo 42 do decreto 223/2010 de 30 de decembro, polo que se establece o ROC dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia) procurando que sexan documentos útiles, claros na súa redacción e accesibles ao alumnado.
- 2.- Establecer como método de seguimento das programacións didácticas a celebración, cando menos unha vez ao mes, de reunións de departamento que inclúan este punto na orde do día, sen prexuízo dos métodos de seguimento que, poida establecer de xeito particular cada departamento didáctico dentro da súa autonomía.

Modelo. Proxecto educativo MD71PLA01. Ver. 01

8. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais

A formación musical ten un carácter eminentemente práctico, para iso o Conservatorio debe de ter entre os seus obxectivos o desenvolvemento de actividades co fin de mellorar a formación do alumnado.



As Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas cumpren unha dobre función, por unha parte son unha ferramenta formativa para os futuros músicos, xa que os pon en contacto co público de un xeito natural, e por outra parte serve de ferramenta de promoción do Centro, dando a coñecer o seu traballo na contorna, integrando o Conservatorio na cidade, e achegando as actividades do Centro fora das súas instalacións potenciando con elo a súa difusión.

Pero aínda que cumpren unha función importantísima na formación do alumnado e na difusión do Conservatorio, se ditas actividades non están ben planificadas poden chegar a producir un efecto contrario ao que se pretende, xa que a excesiva programación de actividades pode interferir na primeira función do Conservatorio que é a formación do alumnado, programando actividades en horario lectivo, e pode tamén chegar en casos extremos a distorsionar a labor do Centro cando estas actividades se programan ocupando o lugar de actividades profesionais, algo que nunca debe de ter lugar.

Esta circunstancia fai absolutamente necesario propoñer uns criterios xerais para a realización de ditas actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

Son consideradas actividades complementarias ou extraescolares as audicións, concertos, cursos, intercambios, exposicións, conferencias, publicacións, viaxes, etc.

Os criterios propostos para ditas actividades son as seguintes:

1. As actividades terán como fin principal completar a formación musical do alumnado, especialmente na súa práctica da actuación en público. (Sen que este feito de por si poida xustificar a actividade, xa que neste caso poderíase programar sen límite debido a que as actividades consisten maioritariamente en actuacións en público).



2. O interese das actividades ten que ser, en primeiro lugar a formación do alumnado e despois a promoción do Centro, sen que poidan en ningún caso primar outro tipo de intereses, quedando absolutamente excluídos os intereses de tipo lucrativo.
3. Se as actividades complementarias teñen carácter obrigatorio deberán de ser programadas con unha antelación de 30 días, ser realizadas na xornada lectiva, deberán de constar na programación didáctica de cada materia, e dita programación deberá de conter ademais os criterios de avaliación e cualificación das mesmas.
4. No caso de actividades realizadas en colaboración con outras institucións, ditas actividades deberán de conservar o seu carácter formativo e a súa realización deberá de poder repercutir positivamente na motivación do alumnado.
5. Dentro das actividades programadas deberán de ter un papel importante as realizadas en colaboración con outras institucións de carácter Educativo e Musical; CEIPs, IES, Escolas de Música, Conservatorios, etc, xa que esta labor supón unha extensión da labor educativa do Conservatorio, e tamén unha labor de promoción e achegamento do noso traballo a nenos e mozos da nosa contorna.
6. Ditas actividades nunca poden dar lugar a retribución económica para o alumnado participante.
7. As actividades complementarias ou extraescolares realizadas non se poderán levar a cabo en ningún caso en substitución de actividades profesionais.
8. Dentro das actividades extraescolares terán un papel primordial a realización de cursos para o alumnado, supoñendo estes unha extensión da formación do mesmo.
9. As actividades complementarias e extraescolares poderán ser programadas polo Equipo Directivo, os Departamentos Didácticos e Profesorado.

PROCEDEMENTOS DE REALIZACIÓN



1. En calquera dos supostos a solicitude da actividade deberá de ser cursada por escrito cubrindo o formulario de petición e remitindo por correo-e á Vicedirección do Conservatorio, deberá de ir acompañada de un estudo da súa idoneidade e adaptación da mesma aos criterios establecidos.
2. De cada actividade realizarase unha memoria que conteña a información relevante da mesma así como a información sobre o seu desenvolvemento e idoneidade, ou no seu caso as medidas a ter en conta en próximas repeticións da mesma.
3. Os carteis, folletos, etc. de difusión da actividade deberán de ser entregados en formato PDF e de editor de textos con unha antelación mínima de 7 días, en galego, á vicedirección do Conservatorio.
4. Todas as actividades extraescolares deberán de ter o previo informe do Consello Escolar.
5. No caso de necesitar desprazamento e o alumnado non o faga polos seus propios medios e baixo a súa responsabilidade, dito desprazamento solo poderá levarse a cabo por condutores profesionais e en vehículos destinados a tal efecto.
6. As actividades complementarias a realizar deberán de ser incluídas dentro da PXA. Con carácter excepcional, no caso de non poder ser previstas antes da aprobación da PXA, deberán de ser solicitadas á vicedirección do Centro con un mínimo de 15 días de antelación.
7. As actividades que requiran da aprobación do Consello Escolar deberán de ser incluídas dentro da Programación Xeral Anual a principios de curso. Con carácter excepcional, e no caso de actividades que non puideran ser previstas no momento da aprobación da PXA poderán ser solicitadas, pero sempre con unha antelación mínima de 20 días para poder realizar todos os protocolos para a súa aprobación polo dito Consello Escolar.
8. Antes da programación de calquera actividade extraescolar o promotor de dita actividade deberá de facer un estudo da súa viabilidade e



realización en condicións de seguridade para o alumnado e profesorado, e atendendo sempre as normas expostas e á lexislación vixente, deixando constancia da súa análise documentalmente.

Dentro das actividades culturais ocupan un lugar especial, pola súa especial necesidade de protocolos de actuación para evitar fallos de seguridade ou protección do alumnado, as actividades extraescolares ou complementarias que se realizan fora do recinto do Conservatorio.

O protocolo a seguir na realización de actividades fora do recinto do Conservatorio será o seguinte:

Previamente á realización da actividade o Departamento responsable ou profesorado organizador realizará un informe previo sobre da actividade que inclúa polo menos, data de realización, alumnado participante, profesorado acompañante segundo a lexislación vixente, riscos que se derivan da actividade e como evitalos, protocolo de actuación en caso de incidencia, data, hora e lugar de reunión, medio de transporte, data e hora de finalización da actividade e punto de retorno.

Calquera actividade realizada con alumnado menor de idade terá que ter a autorización expresa para esta por parte da nai, pai, ou titores legais.

Directrices xerais para a elaboración das actividades de promoción das ensinanzas

Dentro das actividades de promoción das ensinanzas o Conservatorio organizará anualmente unha serie de actividades que contribúan a dar a coñecer na contorna a oferta formativa do Conservatorio facilitando así o incremento do alumnado, labor que se levará a cabo con especial énfase nas especialidades menos demandadas contribuindo así ao equilibrio da matrícula. Estas actividades cumprirán ademais unha dobre vertente xa



que contribuirán a aumentar a oferta cultural da cidade, a integrar o conservatorio na súa estrutura cultural, e a facer de este unha Institución coñecida pola cidadanía, recoñecida socialmente no ámbito cultural e musical e valorada positivamente.

Dentro das actividades de promoción das ensinanzas propostas terán lugar especial as de promoción do acceso ao grao elemental de música.

As actividades de promoción das ensinanzas serán avaliadas anualmente para detectar posibles disfuncións e posibilidades de mellora.

9. Directrices para o funcionamento adecuado das titorías

A acción titorial, xunto coa orientación do alumnado, forman parte da función docente, e como tales levaranse a cabo ao longo de cada un dos graos elemental e profesional que se imparten nas ensinanzas do Conservatorio. O/a titor/a será o/a profesor/a da especialidade instrumental e terá a responsabilidade de coordinar tanto a avaliación do alumnado coma os procesos de ensino-aprendizaxe, ademais da súa orientación persoal cando sexa necesario. Dita responsabilidade do profesorado de instrumento non exclúe a responsabilidade do resto do equipo docente na acción titorial do alumnado, xa que esta ha de ser unha labor colectiva. A principal función do profesor de instrumento ou canto no seu caso será a de coordinar a acción de todo o profesorado de un alumno/a dado. O traballo dos/as titores/as será supervisado pola Coordinación do grao elemental no seu caso e a Xefatura de Estudos.

Tanto o profesorado de instrumento como o de materias comúns disporá de unha hora semanal de titoría para atender ao alumnado, nais, pais ou titores legais dentro da súa función de titorización.

O horario de titoría será publicado a principio do curso dentro da PXA do Conservatorio.



Obxectivos da Acción tutorial

9.1.1 En relación ao desenvolvemento psicolóxico e social do alumnado.

- a. Favorecer a correcta integración do alumnado no Centro.
- b. Desenvolver no alumnado o mellor grao de autoestima e coñecemento persoal.
- c. Axudar e aconsellar ao alumnado na toma de decisións vocacionais (optativas, especialidades, estudos simultáneos, etc.).
- d. Impulsar a participación do alumnado en actividades non lectivas do Centro (audicións, concertos, concursos, etc.).

9.1.2 En relación ao proceso de ensino-aprendizaxe

- a. Detectar as dificultades e carencias previas.
- b. Orientar ao alumnado nas técnicas de estudo.
- c. Coordinar os procesos de avaliación e promoción do alumnado.
- d. Facilitar a reflexión sobre o proceso de aprendizaxe persoal.
- e. Coordinar o axuste das programacións ás necesidades do alumnado.
- f. Orientar as familias na súa labor educativa.
- g. Promover a participación das familias no Centro.
- h. Proporcionar información sobre a aprendizaxe dos seus fillos/as.
- i. Solicitar a súa colaboración nos estudos dos seus fillos/as.
- j. Informar sobre as saídas profesionais e o xeito de acceder a elas.

Funcións dos distintos responsables da acción tutorial

É misión do Equipo Directivo informar da organización xeral do Centro, informar sobre os criterios e organización das probas de acceso no



Centro, elaborar o plan de atención titorial xeral e planificar as xuntas de avaliación.

Corresponde ao profesorado non titor coordinarse entre o profesorado que imparte docencia a grupos do mesmo curso e nivel, cumprindo os acordos acadados, e mantendo actualizada a metodoloxía didáctica.

Corresponde aos profesores titores a titoría do alumnado matriculado nos cursos en que imparta docencia e, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizando, cando menos as seguintes funcións co alumnado e as familias:

- Proporcionar ao principio de curso ao alumnado, e se é o caso aos seus pais, nais ou titores legais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde pode consultar todo o referente a horarios de titoría, calendario escolar, horarios, actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- Proporcionar ao alumnado, en relación coas Programacións Didácticas a información, cando menos, dos criterios de avaliación, criterios de cualificación e mínimos exigibles para aprobar o curso.
- Realizar unha avaliación inicial do alumnado para establecer as medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos obxectivos do curso que imparta.
- Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades individuais, co obxecto de facilitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Facilitar a integración do alumnado e fomentar a súa participación nas actividades do Conservatorio.
- Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración coa persoa delegada do grupo, nas problemáticas que se presenten.
- Cumprimentar os documentos oficiais relativos ao seu alumnado.
- Controlar a falta de asistencia do alumnado e ter informada á xefatura de estudos mediante os procedementos que estableza a dirección.



- Fomentar a participación nas actividades a desenvolver polo Conservatorio, dentro e fóra del.

Por parte dos departamentos didácticos farase un seguimento mensual do cumprimento da programación das distintas especialidades e materias que compoñen Departamento.

Tendo en conta que a acción titorial e fundamental para o aproveitamento dos estudos, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela acorda que as directrices básicas sobre as que se realizará o Plan de Acción Titorial sexan as seguintes:

- O profesorado titor deberá de manter contacto frecuente co equipo docente de cada alumno/a para coñecer a situación particular e a evolución do mesmo no Centro, e para acordar conxuntamente as medidas que mellor favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Faise a recomendación de que o profesorado titor teña polo menos unha reunión trimestral co alumnado independentemente do seu rendemento académico.
- Dentro da función titorial deberá de terse en conta o asesoramento ao alumnado sobre os itinerarios e optativas que mellor favorezan a cada alumna/o de acordo coas súas competencias e expectativas de futuro.
- Deberá de asesorarse ao alumnado sobre as medidas que favorezan o seu rendemento académico, a súa traxectoria, así como as súas expectativas profesionais.

Par a solicitude da titoría haberá un documento a disposición das familias na conserxería e na páxina web. De cada sesión de titoría quedará constancia documental recollida polo profesor na que conste ao menos o motivo da titoría e os acordos acadados, se é o caso, polos participantes, ou calquera outro feito relevante.



10. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación

As tecnoloxías da información e da comunicación forman parte da nosa vida cotiá, tanto fora como dentro do Conservatorio. No que afecta aos estudos de música o alumnado dispón, a través de internet e con acceso directo dende o ordenador e mesmo desde o seu teléfono, de unha innumerable cantidade de música para a súa escoita. Pode comparar distintas versións de unha obra musical, pode atopar a maior parte do repertorio existente para calquera instrumento ata mediados do século XX en bibliotecas virtuais, dispón de programas de edición de partituras, de audio e video, convertidores de formato, etc. En definitiva, para o alumnado as tecnoloxías da información e da comunicación son unha ferramenta útil e atractiva dentro dos seus estudos de música.

Dentro do plan de utilización de ditas tecnoloxías o Conservatorio dispón de proxectores e pantallas dixitais na maioría de aulas de materias non instrumentais, dispón de equipos de audio en todas as aulas a disposición do profesorado, de conexión de datos a internet a través de wifi na meirande parte das aulas, de ordenadores nas aulas de materias non instrumentais, de unha aula de novas tecnoloxías dotada con 8 ordenadores para dita materia e dispón de unha biblioteca con ordenadores e acceso a internet, onde o alumnado pode acceder de xeito gratuíto a todas as necesidades que teña de busca de información, partituras, consultas sobre outros centros, visionado de videos, busca de materiais de historia ou organolóxicos, etc.

O Conservatorio tamén dispón de un equipo de gravación de audio e video no Auditorio para realizar gravacións en caso de ser necesario.

Ditas gravacións poderán realizarse previa petición por escrito á vicedirección do Centro.



No tocante á utilización das tecnoloxías da información na difusión das actividades do Centro o Conservatorio dispón de unha páxina web dende a cal se pode acceder a toda a información do Centro, que se actualizará constantemente, e na que se poderá acceder particularmente a información sobre as programacións didácticas, calendario escolar, probas de acceso, cursos, concertos, etc.

O Conservatorio tamén dispón de unha pantalla na sala principal dende a que se fornece información e difusión das actividades do Centro.

O punto de información a través de internet para o alumnado, nais, pais, e titores legais será a páxina web do Centro, <http://www.conservatoriosantiago.gal>, o correo electrónico para recepción de peticións por parte da comunidade educativa será cmus.santiago@edu.xunta.es.

Para información puntual que sexa de máximo interese da comunidade educativa o Conservatorio remitiraa por correo electrónico ao correo persoal de cada un dos membros de dita comunidade educativa segundo sexa o caso.

11. Plan de avaliación

De todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión do conservatorio

A avaliación é unha ferramenta imprescindible para a innovación e a mellora constante. Dita avaliación poderíamos describila como o procedemento de recollida de datos relevantes para poñer ao servizo da comunidade educativa, co obxectivo de comprender mellor o que sucede no Centro e poder deseñar estratexias para melloralo.

A avaliación poderíamos dividila en tres apartados:

1. **Avaliación diagnóstica ou inicial:**



Esta é a avaliación feita co fin de poder propoñer un Proxecto Educativo para o Conservatorio. É unha avaliación que trata de establecer o punto de partida no que nos atopamos na actualidade e os aspectos a mellorar para deseñar unha estratexia de actuación. Debido a ela estamos en disposición de trazar unhas liñas a seguir.

2. Avaliación de proceso:

3. A avaliación de proceso é a que nos vai a permitir facer un seguimento constante do Proxecto Educativo. O Proxecto Educativo hai que trasladalo anualmente á PXA do Centro e a avaliación da PXA será unha parte da avaliación do Proxecto. Poderemos distinguir dentro de ela dous apartados diferenciados:

a. Análise por parte do equipo directivo: como responsables do proxecto é a nosa obriga mantelo controlado en todo momento; para elo reunirémonos ao principio do curso para establecer pautas a seguir, unha vez por avaliación, para corrixir os desaxustes que se puideran ter producido, e a final de curso para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos e propoñer novas pautas de continuidade.

b. Análise en colaboración cos órganos colexiados: facendo un seguimento dos obxectivos e das disfuncións que se puideran producir dentro do PEC e da PXA, ou aspectos que non dan o resultado esperado, en reunións dedicadas a este fin por parte dos órganos colexiados do Conservatorio.

4. Avaliación de impacto ou resultado:

Esta avaliación realizarase ao final de cada curso académico e analizará os seguintes parámetros: Funcionamento dos Órganos Colexiados do Centro e dos Órganos de Goberno. Participación nos mesmos. Estado do Centro e consecución dos obxectivos en relación co espazo. Xestión dos Recursos humanos e materiais. Evolución da formación do profesorado e participación do mesmo

Modelo Proxecto educativo MD71PLA01, Ver. 01



en proxectos de innovación educativa. Actividades complementarias e extraescolares, e cumprimento dos obxectivos propostos.

Co obxectivo de que o proceso de avaliación sexa o mais obxectivo posible este realizárase elaborando cuestionarios para toda a comunidade educativa nos que se prevé a participación do Consello Escolar. Ditos cuestionarios permitirannos extraer conclusións da maioría dos aspectos a avaliar axudando de este xeito a mellorar os obxectivos, e sobre todo as liñas de actuación.

A avaliación concreta poderíamos detallala do xeito seguinte:

- **AVALIACIÓN DOS PROXECTOS PEDAGÓXICOS**
 - **PEC, PXA, PXAA, e PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

Todos estes documentos requiren de unha avaliación por parte dos Órganos Colexiados do Centro.

Modelo. Proxecto educativo MJD/11/FA01. Ver. 01
O Proxecto Educativo do Centro someterase a avaliación anual a través dos restantes documentos para se é o caso revisalo ao principio de cada curso académico.

A PXA e a PXAA someterase a avaliación trimestralmente por parte do Claustro e do Consello Escolar, cada un dentro das súas competencias para avaliar o seu seguimento e detectar posibles desviacións ou melloras.

As programacións Didácticas de cada Departamento será sometidas a avaliación mensualmente mediante o seguimento mensual e recollerase as incidencias na acta do dito Departamento.

- **AVALIACIÓN DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO**

Esta avaliación estará enfocada á avaliación dos Órganos de Goberno do Conservatorio, Órganos Colexiados, Persoal Docente e non Docente.



Esta avaliación servirá para detectar o rendemento dos distintos órganos corrixindo posibles deficiencias mediante as medidas de corrección oportunas, asegurando así unha mellor adecuación as necesidades.

Esta avaliación pode ser feita en gran medida a través das posibles suxestións que vaian xurdindo ao longo do curso, mediante a comprobación do cumprimento das obrigas e a observación de documentos tales como convocatorias de reunións, actas, etc. E tamén mediante a comprobación do cumprimento dos prazos de entrega e envío da documentación do Conservatorio, tanto interna como externamente.

- AVALIACIÓN DO PROXECTO DE XESTIÓN

O Conservatorio dentro da súa autonomía ten a facultade de xestionar a súa propia actividade e os seus recursos económicos para adecualos á súa propia realidade e necesidades.

Esta autonomía concrétase no proxecto de xestión que debe de ser informado polo Consello Escolar, aprobado pola Dirección do Centro e remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, velando ademais polo seu cumprimento o Consello Escolar do Centro.

O Proxecto de Xestión do Centro recolle a utilización dos recursos do Centro, conservación das instalacións, reposición de material deteriorado, material funxible, subministracións, equipamentos, etc.

A súa avaliación estará encamiñada a observar en principio o propio cumprimento do plan para detectar posibles disfuncións, e despois observar se a asignación de cantidades e adecuada as necesidades do Centro, se a conservación das instalacións é correcta, se a dotación de material instrumental e non instrumental é suficiente, ou se os gastos son transparentes e claros.

Esta avaliación deberá de ser realizada polo Consello Escolar do Centro.



12. Proxecto lingüístico

O Proxecto Lingüístico do Centro presentase en documento adxunto.

Este PEC foi informado favorablemente por parte do Consello Escolar do Conservatorio en reunión Celebrada o día 14 de outubro ás 12:00 horas na Sala de Profesorado.

Modelo. Proxecto educativo MD71PLA01. Ver. 01
Esta Dirección procede á aprobación do PEC logo do informe favorable do Consello Escolar en,

Santiago de Compostela, a 05 de xaneiro de 2018 .

O DIRECTOR

Asdo.: José Luis Quintás Carreira.



DONA CONCEPCIÓN ARAMBURU, INSPECTORA DO CMUS SANTIAGO.

XEFATURA TERRITORIAL DE EDUCACIÓN, A CORUÑA.